

## AS LOCUCIÓNS PREPOSITIVAS E A SOBREPRESIÓIÓ DO GALEGO MEDIEVAL Ó MODERNO \*

XAVIER VARELA BARREIRO

(Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago)

### Introducción

O tratamento das comunmente chamadas 'locucións prepositivas' -ou 'preposicionais'- nos manuais de gramática histórica das linguas galega e portuguesa non é parello ó que reciben outras unidades ou fenómenos, como os pretéritos fortes, o infinitivo flexionado ou a metafonía. Pretendo ofrecer aquí unha primeira aproximación detallada á situación das mesmas nos grandes estadios sucesivos que conforman a historia da lingua galega. Concíboa e enténda como fonte primaria na elaboración dun apartado da *Gramática histórica* que estou coordinando no Instituto da Lingua Galega.

Para o período medieval tiven en conta o conxunto de obras literarias escritas en romance na Galicia medieval. A exclusión dos textos non literarios non responde máis cá necesidade de poñerlle lindeiros a un labor que debe desembocar necesariamente nun traballo breve e sintético. Servínome do corpus medieval do Proxecto *Gramática Histórica da Lingua Galega*<sup>1</sup>, do que tirei aboamento preciso das formas locutivas. Aínda que é obvio, non cae fóra de lugar lembrar que para poder chegar lonxe na análise da lingua medieval é necesario contar cos datos correspondentes ós textos ó sur do Miño, cousa que neste caso non representou traba nin esforzo suplementario. A información contida no *Glosario* de Ramón Lorenzo permitíume ampliar considerablemente o horizonte cara ó sur, pero tamén, noutra dimensión, cara ós textos de carácter notarial. Tamén me foi moi valiosa e de enorme utilidade a información contida na disertación de mestrado de Anna Maria Nolasco de Macêdo<sup>2</sup>. Nela toppei datos, rigorosamente recollidos, de obras medievais e do XVI, e por

contraste con eles -cando non partindo deles- puideron elaborar un retrato que se aproxima bastante, na miña modesta opinión, á realidade destas locucións. No apartado das fontes indico polo miúdo a conformación dos dous conxuntos textuais da Idade Media.

Para o período do galego moderno -séculos XVI-XVIII, aproximadamente- puideron tirar partido dos textos recompilados e dixitalizados no Proxecto *Historia do galego escrito*, desenvolvido anos atrás no Instituto da Lingua Galega baixo a dirección de Ramón Mariño Paz. Indico as obras na bibliografía.

A información correspondente ó galego actual tireina do apartado das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982:129-33) adicado á preposición e ás locucións prepositivas, amplamente desenvolvido na *Gramática* de Álvarez-Regueira-Monteagudo (1986:477-514). Semelloume innecesario acudir directamente ós textos, tanto escritos coma orais, xa que o primoroso labor de inventariado efectuado na elaboración destas dúas obras desculpa sobradamente unha decisión coma esta. Con todo, púidenme beneficiar dalgunha contribución illada, que sinalo no lugar correspondente.

Dado o carácter restricto do traballo, decidín silenciar, tal vez de xeito estrondoso, a problemática do concepto 'locución prepositiva'. Son consciente do risco que isto supón e aínda así opino que ten interese nestes momentos para o investigador a presentación dos resultados ós que cheguei. Paréceme que, sexa cal sexa a consideración que se teña destas unidades no plano teórico, será fácil reintrepretalos no marco correspondente, sen perda de fiabilidade.

### Unha ollada ás locucións na época latina

Era pouco o peso das locucións prepositivas na sintaxe latina, como parece indica-lo seu escaso número. A maior parte delas comeza a documentarse en época tardía e o seu número sobrepasaba escasamente as dúas ducias. Os esquemas creativos eran igualmente moi limitados e categorialmente non supoñían ruptura cos elementos prototípicos -as formas simples-, pois neles eran as propias preposicións as pezas básicas de composición. Unicamente o adverbio era admitido como categoría non prepositiva<sup>3</sup>:

• **preposición + preposición**: AB ANTE, CIRCUMCIRCĀ DE EX, DĒ POST, DĒ SUB, DĒ SUPER, DĒ TRĀNS, IN ANTE, IN CIRCUM, IN CONTRĀ, IN SUPER, PRŌCUL AB, SUB ANTE.

• **preposición + preposición + preposición**: DĒ ABANTE, IN CONTRĀ DĒ.

• **preposición + adverbio:** *Ā INTUS, Ā FORĪS, AD ILLĪC, AD PROPE, DĒ FORĪS, DE RETRŌ, DE SUBTUS, EX INDE, DĒ INDE.*

Aínda que o inventario que presento é unha aproximación e non unha catalogación exhaustiva, non oculta -máis ben mostra claramente- a existencia doutro principio inherente ó mecanismo da composición: a posición da preposición nos compostos con elementos doutras categorías era un reflexo exacto da posición que lle correspondía á preposición -simple ou locutiva- en relación ó seu termo: a anteposición<sup>4</sup>.

Como unidades subsidiarias das preposicións simples e xuntamente con elas, as locucións completaban o cadro dos recursos de marca da función sintáctica -oracional e frástica-, no cal eran parte central o caso e a substancia semántica das unidades léxicas.

### O sistema romance medieval

Cando se produce a substitución do latín polo romance como lingua de cultura escrita, timidamente na primeira parte do século XIII pero firme e decidida na segunda, os vellos principios da sintaxe casual xa esmoreceran e o dominio dos relacionantes prepositivos mudara as súas regras, especialmente no que atinxe ás locucións.

Coa nutrida listaxe de compostos á que se chega por aplicación da conmutación coas preposicións -simples- non se pode formar unha clase única. Había un grupo que se asimilaba plenamente ás preposicións simples e que, polo tanto, só coñecía usos relacionantes. Formábano basicamente os compostos de preposicións e a maior parte dos formados sobre base substantival ou adxectivoal<sup>5</sup>:

#### BASE PREPOSICIONAL

• **preposición + preposición:** *ant' a* (CSM), *ante de* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS, TA, CI, CDF, GLP); *conforme a* (GLP); *de sobre* 'sobre' (CP, TC, GE, CT, MS, TA); *de tras* (CP); *empos* (TC, GE), *enpos* (TC), *enpós* (TC), *ēps* (CT) *ēpós* (CT) *em pos* (GE,HT), *en pós* (CP); *junta con* (DSG), *junto cō* (CPVC), *junto com* (CPVC), *junto cō* (LSSA, CPVC); *per ante* (CP, GE, CT, CDF), *por ante* (GE, HT); *segundo en* (CSM); *so a* (CSM)<sup>6</sup>.

• **preposición + preposición + preposición:** *en junt' a* (CP); *enpós de* (TC), *en pos de* (CD).

#### BASE SUBSTANTIVAL OU ADXECTIVAL

Esta clase locutiva está ben lonxe de ser homoxénea, debido ó diferente grao de integración dos elementos do complexo. Hai compostos plenamente gramaticalizados, como *en feyto de*, compostos case gramaticalizados que non admiten o posesivo (*a forza de*) e compostos

pouco gramaticalizados que admiten o posesivo (*en nome de, per rogo de...*). Os dous últimos son, con moito, os máis numerosos. É evidente que se trata dunha clase establecida sobre a gradualidade na que adoitan asentálos procesos de gramaticalización transcategorizadores. Mesmo é discutible nalgúns casos o carácter propiamente locutivo do composto, como sucede con *per rogo de* ou *por tempo de*, por poñer exemplos claros. Por outra banda, e no mesmo sentido, é xeral o pouco distanciamento semántico existente entre o elemento base e o composto. De tódolos xeitos, pareceume preferible incluílas todas, pois cando menos serven como exemplo dos primeiros pasos do proceso que conduce á integración plena.

• **substantivo + preposición**: *cabo de* (CSM, DSG); *maneira de* (CPVC); *obra de* (CPVC); *par de* (CP, TC, CT, HT, TA)<sup>7</sup>.

• **preposición + substantivo + preposición**<sup>8</sup>: *A*: *a cabo de* (CSM, DSG, CDF) *acabo de* (CI); *a causa de* (CI); *a fim de* (CDF); *a forza de* (CP, CDF); *a guisa de* (CSM, TC, CT), *a guysa de* (TC); *a juízo de* (CDF); *a maneira de* (TA, GLP), *a maneyra de* (TC, HT); *a par de* (CSM, TC, CT, MS, TA); *a pe de* (CSM<sup>9</sup>); *a pesar de* (CSM, CP, TC), *a pessar de* (TC); *a prol de* (TC)<sup>10</sup>; *a rogo de* (DSG); *a través de* (CDF); *a semella de* (CSM), *a semellanca de* (CSM); *a tempo de* (TC). **Con/com**: *con ajuda de* (CSM). **De**: *de parte de* (TC, GE, CT, HT); *defronte de* (GLP). **En/em**: *en aiuda de* (TC), *en ajuda de* (TC, CT, HT); *en cabo de* (CSM); *em feito de* 'acerca de' (CDF), *em feyto de* 'acerca de' (TC, CT, HT); *em fondo de* (TC, GE, MS, TA), *em fundo de* (DSG); *em guisa de* (HT), *em guisa de* (CSM, TC), *em guysa de* (TC); *em lugar de* (CDF), *em lugar de* 'no canto de' (HT), *em logar de* 'no canto de' (CSM, CP, TC, GE), *em lugar de* 'no canto de' (CT, HT); *em maneira de* (CP, MS, TA, CDF), *em maneira de* (CSM, CP, TA), *em maneyra de* (TC); *ẽ meado de* (LSSA); *em medeo de* (HT), *em medyo de* (GE), *em medyo de* (GE), *em meo de* (LSSA), *en medeo de* (HT, MS), *en medyo de* (TA), *en meio de* (CP, TA), *en meyo de* (TC), *en meo de* (CSM, TC, CT, MS); *ẽ nome de* (TC), *em nome de* (GE), *en nome de* (DSG), *en nome de* (TC); *en par de* (CT, HT); *em rrazom de* (HT), *em rrazõ de* (GE), *em rrazom de* (HT, CDF), *en razõ de* (TC), *en rrazon de* (CSM, CP), *en rrazõ de* (HT); *em semelhança de* (LSSA), *en semelhança de* (CSM, DSG); *en tempo de* (CSM, TC, CI), *en tempo de* (MS, TA, CI); *en traues en* (TA), *en traueso a* (TA); *en vertude de* (DSG). **Per/por**: *per aazo de* (CDF), *por aazo de* (CDF, CPVC); *por causa de* (GLP), *por cáusa de* (GLP); *per graça de* (DSG); *per maneira de* (CDF, DSG, GLP); *per modo de* (CDF); *por mēo de* (HT), *por medeo de* (HT, MS); *per obra de* (CDF, LSSA), *por obra de* (HT); *por parte de* (GE, HT, MS, CDF); *per rrazam de* (GLP), *per rrazon de* (DSG), *por rrazõ de* (TC, MS), *por rrazom de* (CP), *por rrazon de* (CSM, CP, TA), *por rrazon de* (TA), *por rrazõ de* (TC, GE, HT,

MS), *por rrazom de* (CDF), *per rrazom de* (CDF); *per rogo de* (CSM; TC), *por rogo de* (CSM, CP, TC, CI), *por rrogo de* (TC); *por tempo de* (CI)<sup>11</sup>.

• **preposición + pronome + substantivo + preposición:** *A:* *aa graça de* (DSG); *aa maneira de* (GLP); *à semelhança de* (CSM), *aa semelhança de* (GLP, LSSA). *En/em:* *ēna maneyra de* (TC); *eno nome de* (CSM, CI, TDA<sup>A1</sup>, TDA<sup>A</sup>), *eno nume de* (TC), *ēno nume de* (TC), *no nume de* (FT); *ēna rrazõ de* (GE); *ēno tempo de* (GE, HT), *ēno tenpo de* (CT, HT, MS), *no tempo de* (TA). *Per/por:* *pela ajuda de* (DSG); *pela graça de* (DSG), *pela gracia de* (TDA<sup>A1</sup>, TDA<sup>A</sup>), *pella graça de* (CDF), *pela maneira de* (GLP); *polo nome de* (CSM); *per la rrazõ de* (GE); *polo rogo de* (CSM)<sup>12</sup>.

• **preposición + adxectivo + preposición:** *a semellante de* (CSM).

Un segundo tipo de compostos respondía a características distintas. Os elementos que antecedían a preposición final -normalmente *de*- podían desempeñar autonomamente a función de circunstancial na oración. Quere isto dicir que se distanciaban das preposicións simples e, polo tanto, mesmo é seriamente cuestionable o carácter locutivo para eles. Formábano os compostos de base adverbial -simple ou locutiva- e algúns dos de base substantival ou adxectivo:

#### BASE ADVERBIAL

• **preposición + adverbio:** *acaron* (CSM); *ajuso* (HT<sup>13</sup>).

• **adverbio + preposición:** *alen de* (CSM, CP), *alende* (TC, GE, CT); *antes de* (GE, CI); *aguende* (TC) *atras a* (CI); *cerca de*<sup>14</sup> (TC, DSG), *çerca de* (TC, GE, CT, HT), *çerqua de* (CT, HT); *cima de* (CSM, CT), *cjma de* (CPVC), *çima de* (CT); *dentro a* (GE, CDF, DSG); *dentro de* (HT, TA, CI, CDF, LSSA, GLP), *dentro em* (CDF, LSSA), *dentr' en* (CSM, LSSA), *dentro en* (CSM, CP, TC, GE, CT, HT, MS, TA); *fora de* 'no exterior de' (CSM, CP, TC, CT, HT, FT, TA, CDF, DSG, GLP, LSSA, TDA<sup>A1</sup>), *ffora de* 'no exterior de' (CT), *fora de* 'á parte de' (TC); *logo de* (CSM, TC); *longe de* (CSM, CP, GE, CT, HT, MS, CI, DSG, LSSA), *longi de* (CP), *lõngi de* (CP), *lonje de* (CP); *perto de* (MS), *preto de* (CSM, CP, TC, CT, HT, FT, MS, DSG); *redor de* (CSM)<sup>15</sup>.

• **preposición + adverbio + preposición:** *A:* *acaram de* (CPVC), *acaron de* (CSM), *a carõ de* (TC); *acerca de* (CP, TC, GE), *açerca de* 'preto de' (TC, GE, HT, MS, CI), *acerqua de* 'preto de' (MS, CI), *açerqua de* 'preto de' (GE, HT, CI) *acerque de* 'preto de' (CI), *a çerca de* 'preto de' (CT, HT), *a çerqua de* 'preto de' (CT, MS, CI); *actma a* (CDF), *actma de* (CDF), *açima de* (GE, MS), *acjma de* (CPVC), *a ctma de* (DSG), *a çima de* (TC, CT, MS); *ajuso de* (TC), *ajusso de* (TC); *alende de* (TC, GE, CT, CI); *a longe de* (DSG); *apreto de* (TA), *a perto de* (MS), *a preto de* (CSM, MS, TA); *a redor de* (CSM,

TC), *a rredor de* (MS, LSSA), *arredor de* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS, TA). *De:* *debaixo de* (GLP, CPVC); *de cima de* (CP); *de juso de* (CSM), *de iuso de* (TC); *depois de* (CSM, TC, CDF, DSG, GLP, CPVC), *depoys de* (TC), *depos de* (CDF), *despois de* (CDF, CPVC), *despoys de* (TC)<sup>16</sup>; *de redor de* (TC), *de rredor de* (TC), *derredor de* (CSM, TC, DSG, CDF); *de suso de* (GE); *de tras de* (GLP). *En/en:* *en bayxo de* (GE); *ẽcima de* (TC), *emcima de* (TC, GE), *encima de* (CSM), *ençima de* (CSM, TC, MS, TA, CD), *em çima de* (GE, HT), *en ctma de* (CSM, CP), *en çtma de* (TC, GE, CT, HT); *en logo de* (CSM, DSG); *em rredor de* (GE, HT), *en redor de* (CSM, LSSA), *en rredor de* (HT, MS)<sup>17</sup>.

• **preposición + preposición + adverbio + preposición:** *A:* *a derredor de* (CSM, TC, CT, FT), *aderredor de* (CP, GE, HT). *De:* *darredor de* (CPVC, CDF). *En/em:* *em derredor de* (FT), *en derredor de* (TC, GE, CT, HT, CD)<sup>18</sup>.

• **preposición + adverbio + preposición + preposición:** *aalende de* (GE); *aaquẽde de* (GE).

#### BASE SUBSTANTIVAL OU ADJECTIVAL<sup>19</sup>

• **preposición + substantivo + preposición:** *A:* *a través de* (CDF). *De:* *defronte de* (GLP). *En/em:* *ẽ meado de* (LSSA); *em medeo de* (HT), *em medyo de* (GE), *em medyo de* (GE), *em meo de* (LSSA), *en medeo de* (HT, MS), *en medyo de* (TA), *en meio de* (CP, TA), *en meyo de* (TC), *en meo de* (CSM, TC, CT, MS); *en cabo de* (CSM); *en fondo de* (TC, GE, MS, TA), *en fundo de* (DSG); *en traues en* (TA), *en traueso a* (TA). *Per/por:* *por meo de* (HT), *por medeo de* (HT, MS).

• **preposición + pronome + substantivo + preposición:** *A:* *aaparte de* (CPVC); *ao pe de* (CSM), *ao pee de* (TC, MS, CDF, DSG, CPVC). *En/em:* *na cima de* (CSM, CP, ATr), *ẽna çima de* (CSM, CT); *eno cabo de* (GE); *ena fim de* (LSSA), *na fin de* (CSM); *eno[o] fondo de* (CSM); *em na meatade de* (LSSA); *ẽno medio de* (TC), *ẽno meio de* (CP), *ẽno meo de* (CT, MS), *no meio de* (CP); *ena ríba de* (DSG). *Per:* *per meyo de* (TC), *per meo de* (HT).

• **preposición + pronome + adxectivo + preposición:** *ao longo de* (CPVC).

Para este segundo tipo de compostos nas linguas modernas hai propostas de análise, inicialmente de Jespersen (1975:89-95)<sup>20</sup>, nas que a última preposición e o termo rexido son considerados complementos preposicionados dun circunstancial. Non podo entrar a debater esta cuestión por non contar cunha posición sólida que me permita interpreta-los datos dentro dun marco coherente que englobe e explique satisfactoriamente a

grande cantidade de elementos e fenómenos de combinatoria que se ven implicados. Por este motivo limiteime á presentación en agrupacións diferentes e polo mesmo farei a seguir algunhas consideracións nas que trato conxuntamente tódolos compostos.

Destaca **primeiramente** a mudanza da fórmula de acuñamento dos compostos prepositivos. Rachouse definitivamente o límite que representaba na época latina a clase preposicional como fonte de extracción de elementos para a forxa de locucións. Irromperon con forza o adverbio e o substantivo e tamén participaron en menor medida o adxectivo, o verbo -nas súas formas non temporais- e o pronome -o artigo definido-. A mudanza foi radical, xa que pasaron a ser residuais as locucións formadas unicamente con preposicións. Non teño rexistradas con valor locutivo máis ca dez no corpus medieval.

No relativo á **combinatoria dos elementos** constitutivos instaurouse a dobre demarcación -ó comezo e ó final do complexo- mediante preposición cando un dos elementos pertencía a categoría distinta da preposición. Deste xeito afirmouse nidiamente a natureza do composto para paliar calquera posibilidade de ambigüidade ou de confusión con outro tipo de locucións. Tamén é patente xa nos primeiros froitos da escrita romance a escolla pola postposición da preposición como demarcativo naqueles casos nos que había un único elemento prepositivo no composto, só contradita por *acarón* e *ajuso*. En canto ó nivel de complexización, os esquemas constitutivos das locucións medievais admitían a combinatoria de ata catro elementos, case sempre con presenza dunha preposición na marxe final, agás nun caso.

No terreo da **semántica** evidénciase unha clara especialización das locucións como recursos de expresión de contidos nocionais (causa, finalidade, modo, adversatividade, disposición favorable, rogo, semellanza, conformidade, vicariedade, compañía, exclusión) e, dentro dos contidos locativos, daqueles que non implican movemento. Deste xeito cabe dicir que no romance medieval xa existía unha clara distinción semántica entre preposicións e locucións establecida sobre a base do valor de movemento.

É característico deste período o emprego da preposición *de* como factor prepositivo na demarcación inicial e final dos compostos. A presenza doutras preposicións é residual: *a, ē/em/en* e *per/por* no encabezamento e *a, en* e *cō/com/con* na coda (*en traues en, en traueso a, dentro a, dentro em, dentr'en, dentro en, acima a, en traues en*).

Ten interese reseña-lo baixo grao de diferencialidade existente entre os textos escritos en Portugal e en Galicia<sup>21</sup>. En xeral usábanse os mesmos recursos con idénticos ou moi semellantes valores. Percíbense, non obstante, algunhas pequenas diferencias, indicativas da existencia de

tendencias non plenamente coincidentes, pero que, en calquera caso, non supoñían discrepancias importantes. Nesta liña hai que entende-lo uso exclusivo en territorio portugués de *per/por aazo de*, seguramente de formación tardía, pois só a documentei en CDF. É máis propio dos textos portugueses *xunto/a cō/com/con*, pois ós varios exemplos en textos en Portugal (LSSA, DSG, CPVC) só lles corresponde un caso en Galicia (CD). A combinatoria de *çima* con *a* só a rexistrei en Portugal: *acima a* (CDF). Podería parecer propia de Portugal a redución do ditongo decrecente en *de(s)pois*: *depos de* (CDF) se se teñen en conta exclusivamente os textos revisados, pero non deixa de ser unha ilusión textual, pois documéntanse abundantamente en Galicia formas con redución (vid. Álvarez / Xove 1998). Tamén debe ser froito da casualidade textual que a forma *a través de* só se rexistre en textos portugueses (CDF), o mesmo que *a rogo de* (DSG), *aaparte de* (CPVC), *ao longo de* (CPVC), *conforme a* (GLP), *defronte de* (GLP), *per modo de* (CDF) e *por causa de* (GLP). Máis propios de Galicia parecen ser outros resultados, entre os que destaco a incorporación de preposición a un adverbio por reanálise en *aderredor de* (CSM, TC, GE, HT, FT), *aaquẽde de* (GE) e *alende de* (TC, GE, CT, CD); a preferencia por *en* e *per/por* no encabezamento dalgunhas locucións: *em/n rredor de* (GE, HT; MS), *en baixo de* (GE), *en cabo de* (CSM), *en derredor de* (TC, GE, CT, HT, CI), *en par de* (CT, HT) || *per/por rogo de* (CSM, TC; CSM, CP, TC, CD); tal vez só sexa unha casualidade textual a documentación exclusiva en textos galegos de *a gui/ysa de* (CSM, TC, CT; TC), *ac/çerc/(qu)a de* (TC, GE; TC, GE, HT || MS, CI; GE, HT, MS, CD), *a pes(s)ar de* (CSM, TC; TC)<sup>22</sup>, *em/n gui/ysa de* (HT; CSM, TC || TC), *logo de* (CSM, TC), *par de* (TC, CT, HT, TA), *redor de* (CSM) e *so a* (CSM)<sup>23</sup>.

Por fóra dos límites estrictos das locucións tamén aparece desenvolvido, aínda que con relativa escasa presenza no corpus, o mecanismo da **sobrepreposición**, consistente na recursividade mediante rección dunha frase preposicional: *ata cerca de*, *para cabo de*, etc. Prefiro non considerar locucións estes sintagmas, pois a fórmula compositiva responde á combinatoria de dúas ou máis unidades de contido, perfectamente reflectidas pola segmentación no plano da expresión: *per sobre* = *per* 'transversalidade' + *sobre* 'sobreposición'. Por isto cómpre considera-la existencia de unidades independentes que se encontran no discurso e non no sistema.

É este un procedemento do que non se ten constancia de antecedentes en época latina, polo menos na gramática do latín clásico, e que, polo tanto, podería representar unha das innovacións romances no dominio da marcaxe prepositiva dos valores circunstanciais. Non estou en disposición

de poder avanzar nada en firme sobre o particular, polo que prefiro ocuparme unicamente da realidade romance documentada.

A semántica destes sintagmas responde a dous modelos compositivos. O máis representativo combina unha preposición que expresa contido de movemento e outra preposición ou locución que expresa contido locativo non dinámico. O outro modelo combina unha preposición con contido de exclusión exceptiva e outra preposición ou locución de calquera signo semántico. Como se pode ver no seguinte inventario, era amplamente maioritario o esquema participado por locucións:

• **preposición + preposición:** *Ata:* *ata en* (CSM, TC), *ate en* (CSM, DSG). *De:* *de so* (CSM, CP, TC, LSSA), *de tras* (CSM), *de tras* (CSM). *Per/por:* *por ... a juso* (HT); *per ante* (CT); *per antr'* (CP, CDF), *per antre* (CDF); *per cabo* (CP); *per sobre* (CP, GE), *por sobre* (TC, CT). || *Salvo:* *salvo com* (CDF); *salvo de* (CDF); *salvo em* (CDF), *salvo en* (CDF); *salvo pera* (CDF); *salvo por* (CDF)<sup>24</sup>.

• **preposición + locución prepositiva:** *A:* *a cima de* (CSM); *a alem de* (GLP, CDF, CPVC), *aalen de* (CP, DSG), *aalen a* (CP); *a aquem de* (CPVC), *aaquẽde de* (GE), *aaquende* (TC), *aaquem de* (CDF); *açerca de* (TC, GE, HT), *açerqua de* (GE, MS, CD), *a çerca de* (CT); *açima de* (GE), *a çima de* (MS); *aalonge de* (GE), *a longe de* (DSG); *a perto de* (MS); *ao meyo de* (TC). *Ata/ate:* *ata cerca de* (TC), *ata çerca de* (TC), *ata çerqua de* (CD); *ataa açima de* (TA), *ataa çima de* (TA); *ata en* (CSM, TC), *ate en* (CSM), *atẽeno* (DSG); *ata em cabo de* (GE); *ata o meyo de* (TC); *ataa tempo de* (TA). *Contra:* *contra çima de* (GE); *contra meyo de* (GE). *De:* *dalen de* (CSM), *dalend'* (CSM); *de cabo de* (HT); *de açerca de* (GE); *de cima de* (CSM, CP, DSG), *de çima de* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS, CD), *da çima de* (FT); *de dentro a* (CDF), *de dentro de* (CDF, LSSA, CPVC); *de fondo de* (TA); *de fora de* (CSM, CDF), *de meyo de* (TC); *da par de* (TA); *da parte de* (TC). *En:* *en derredor de* (CT). *Para/pera:* *para cabo de* (TC); *pera cima de* (DSG); *pera dentro de* (CDF); *pera fora de* (DSG). *Per/por:* *per balxo de* (CPVC); *per cabo de* (CSM, HT); *per cima de* (CSM, TC, CT, CDF, DSG), *per çima de* (TC, CT, HT), *per çima de* (CPVC), *por çima de* (GE, CT, HT, FT, MS); *per dentro de* (GLP); *per mẽo de* (CT), *per meo de* (CT), *per medeo de* (HT) *per meyo de* (TC); *per riba de* (CDF)<sup>25</sup>.

Pese á enorme potencialidade que supón o mecanismo da sobrepreposición, nos textos medievais revisados os exemplos recadados son escasos e non dan fe da súa verdadeira importancia.

### O sistema moderno e contemporáneo

Como en moitos outros, neste punto a gramática do galego permanece apegada ós principios que xa a gobernaban na Idade Media. Tampouco se produciu cambio importante ningún co paso do galego moderno ó actual. Por este motivo non me parece necesario distinguir dous subperíodos, o moderno e o contemporáneo. Por comodidade e economía só indico fonte textual para aquelas locucións que se rexistran nas obras correspondentes á época moderna<sup>26</sup>. As formas sen referencia remiten á catalogación de R.A.G.-I.L.G. (1980)<sup>27</sup> e Álvarez-Regueira-Monteagudo (1986).

Seguen a se-los dominios da semántica nocional e da locativa non dinámica os propios das locucións. Rexístranse novas locucións e mesmo preposicións que supoñen unha ampliación do potencial semántico diferenciativo. É o caso de *cara a* ou *arrente de* en época moderna e *canda* ou *mercé a* en época contemporánea.

A respecto do período anterior, percíbese un maior peso de preposicións outras que *de* na marxe inicial da locución: *a*, *en*, *con*, *por*. Na marxe final, sen embargo, continúa sendo *de* a máis representativa, con escasa participación de *a* e *con*. Os esquemas mantéñense sen cambios significativos<sup>28</sup>:

#### BASE PREPOSICIONAL

• **preposición + preposición**: *agás de*, *bardante de*, *contra de*, *por ante*, *so de*, *sobre de* (Cambeadores, Servando, CoplSarm), *tras de* (Servando).

#### BASE SUBSTANTIVAL OU ADXECTIVAL<sup>29</sup>

• **substantivo + preposición**: *beira de*, *cabe/cabo de* (Servando), *cara a* (CoplSarm), *cara pra* (Álvarez 1996), *cas de*, *cima de*, *face a*, *fronte a*, *gracias a*, *pé de* (Álvarez 1996), *rabo de* (Álvarez 1996), *respecto a*, *respecto de*.

• **preposición + substantivo + preposición**: **A**: *a volta de* (Servando), *a causa de* (IriaVat), *a despeito de*, *a diferencía de*, *a favor de*, *a fin de*, *a forza de*, *a lado de*, *a par de* (Cambeadores), *a pesar de* (Servando), *a poder de*, *a por de*, *a prol de*, *a resultas de*, *a son de*, *a través de* (CoplSarm), *a volta de* (Servando). **Con**: *con respecto a*. **De**: *de acordo con*, *de par de*, *de resultas de*. **En**: *en cima de*, *en favor de* (Servando), *en fronte de*, *en lugar de* (Servando), *en medio de* (Servando), *en meo de* (Servando), *en par de*, *en prol de*, *en torno de* (CoplSarm), *en troca de*, *en troque(s) de*, *en verbo de*, *en vez de*, *en volta de*, *encol de*. **Por**: *por amor de*, *por causa de* (Servando), *por cousa de*, *por culpa de*, *por medio de*, *por mor de*, *por norte de*, *por volta de*.

• **preposición + pronome + substantivo + preposición:** *A:* á beira de (Contenda, Gondomar), à beira de (Entremés), á dereita de, á esquerda de, á forza de, á parte de, á volta de, ó cabo de (Relazón, Contenda, IriaVat), ó lado de, ó par de, ó pé de, ó rabo de, ó son de (CoplSarm). *Con:* *co adaxo de, co gallo de.* *De:* *da banda de* (CoplSarm). *En:* *no canto de, no medio de* (Cambeadores, Servando), *no sitio de.*

• **adxectivo + preposición:** *conforme a, primeiro de, tocante a, xunta / xunto de / a* (Relazón, Cambeadores, Servando, CoplSarm<sup>30</sup>).

• **preposición + adxectivo + preposición:** *a puro de* (Álvarez 1996), *entre medias de* (Álvarez 1996).

• **preposición + pronome + adxectivo + preposición:** *no tocante a, ó longo de.*

#### BASE ADVERBIAL

• **adverbio + preposición:** *abaixo de* (Cambeadores, Servando), (a)demais / amais de (Minervais), *alén de* (IriaVat), *ante de* (IriaVat)<sup>31</sup>, *antes de* (Gondomar, Servando, CoplSarm), *aquén de, arredor de, arriba de* (Cambeadores, Servando), *atrás de, baixo de, cerca de* (Servando, IriaVat, CoplSarm)<sup>32</sup>, *debaixo de* (Cambeadores, Servando, Minervais, CoplSarm, Fruíme), *dediante de, defronte de, dentro de* (Cambeadores, Servando, CoplSarm), *derredor de, derriba de, despois de* (Relazón, Servando, Contenda, IriaVat, Minervais, Noguero, CoplSarm)<sup>33</sup>, *detrás de, en derredor de* (IriaVat), *diante de* (Neira, CoplSarm), *encima de* (Cambeadores, Servando, IriaVat), *ēpos de* (Servando), *enriba de, fóra de* (Servando, Contenda, Minervais), *lonxe de, preto de, riba de.*

• **preposición + adverbio + preposición:** *A:* *a carón de* (CoplSarm), *a cerca de* 'preto de' (IriaVat)<sup>34</sup>, *acerca de* "preto de" "con respecto a" (IriaVat), *a rente(s) de* (CoplSarm) *arrente de* (CoplSarm). *En:* *en batxo de, en redor de.*

• **preposición + pronome + adverbio + preposición:** *ó carón de, ó redor de, ao redor de* (Servando), *ó rente de.*

#### BASE PRONOMINAL

• **pronome + preposición:** *canto a* (só en Fruíme).

• **preposición + pronome + preposición:** *en canto a* (Minervais, AcadComp).

#### BASE VERBAL

• **verbo + preposición:** *pese a.*

- **preposición + negación + verbo:** *a non ser, de non ser.*
- **negación + verbo:** *non sendo.*

Nos tempos modernos resolvéronse por simplificación algunhas **alternancias** que se daban na época medieval no emprego da preposición de inicio ou de fin de locución. Na **marxe de inicio** eran alternantes en varios casos *en* e *a*:

*encima / acima de*  
*en / a derredor de*  
*en / a guisa de*  
*en / a semelhança de*  
*en / a través de*

Agás no par *encima / acima* eliminouse a forma correspondente a *en*: *aderredor de, a guisa de, a semellanza de.*

Tamén alternaban *a* e *per*, o que se resolveu nun caso en favor de *a* (*a / em favor de > a favor de*) e no outro en favor de *per* (*a / per graça de > pola gracia de*). *En* e *per / por* dirimiron o mesmo encontro en *em / por razom de*, aínda que con mantemento da dupla posibilidade. Había igualmente casos de alternancia de tres preposicións, como en *a / de / en redor de*, con redución a unicamente as dúas primeiras (*arredor / derredor de*), ou en *a / en / per maneira de*, con limitación á primeira delas (*a maneira de*).

Na **marxe final** foron *a, de* e *en* as que viron limitadas as súas alternancias. Xeralmente foi *de* a que se mantivo (*acima a / de > encima de, alén a / de > alén de, dentro en / a / de > dentro de*). Junto mantén a dupla posibilidade con *con* e *a*: *xunto a, xunto con*. Outras alternancias resólvense en *de*, mais con modificación na base categorial non prepositiva (*ante a / de<sup>35</sup> > antes de*). Na mesma liña merece destacamento a supresión dunha alternancia na base non prepositiva: *a semelhança / semelha de > a semellanza de*.

Noutros casos desaparece unha forma locutiva que convivía con outra simple:

*de so / so*  
*de sobre / sobre*  
*segundo en / segundo*

O caso xustamente contrario dáse en *a caron / a caron de*. Noutros pares selecciónase entre dúas locucións (*a cabo de / cabo de*, *a lonxe de / lonxe de*, *a cerca de / cerca de*).

Non logran franquea-las portas de entrada á Idade Moderna as locucións *en logo de* 'despois de', *en feyto de* 'acerca de' e *per aazo de* 'por causa de' 'por forza de' -se é que algunha vez se usou a última en Galicia.

O funcionamento do mecanismo da **sobrepreposición**, xa por fóra do ámbito exclusivo das locucións, responde ós mesmos dous modelos que estaban vixentes na Idade Media. Por un lado os compostos de carácter exceptivo, formados sobre a base das preposición *agás / aga*, *bardante*, *excepto*, *menos*, *quita(n)do*, *salva(n)do*, *salvo*, *salvante*, *tirante* en combinación con calquera outra preposición ou locución. Por outro están as de carácter locativo de movemento. A natureza da constitución das segundas mostra claramente a existencia de tres clases semánticas ben diferenciadas no sistema das preposicións. Unha delas, a das que teñen valor nocional, non entra na ensamblaxe de sintagmas de sobrepreposición. As outras dúas caracterízanse por entraren a formar parte destes sintagmas e por ocuparen neles o primeiro e o segundo lugar, respectivamente. Son as que expresan contido locativo de movemento as que asumen o encabezamento, en tanto que as locativas carentes do valor de dinamismo ocupan o segundo lugar. É este un dos feitos de combinatoria que, na miña opinión, debe ser tido en conta en calquera intento de descrición da estrutura semántica do sistema de preposicións e locucións prepositivas. Establece unhas restriccións que evidencian a rede de oposicións e equivalencias que goberna o sistema. Non sucede o mesmo, sen embargo, cos compostos de carácter exceptivo.

As posibilidades combinatorias de sobrepreposición con valor locativo en galego actual veñen determinadas polas preposicións de movemento, que interveñen condicionadas por distintos principios de restricción na combinatoria. Cada unha delas fai a selección sobre o global das locativas sen valor de movemento: *alén de*, *lonxe de*, *cabo de*, *xunta/o de*, *par de*, *a carón de*, *preto de*, *cerca de*, *riba/arriba/enriba de*, *címa/encima de*, *baixo/abaixo/debaixo de*, *arredor/derredor*, *diante de*, *tras/atrás/detrás de*, *fóra de*, *dentro de*, *entre*, \**o medio de*, *cas (de)*.

*De* e *por* non establecen restriccións<sup>36</sup>. *A* non combina -máis ben xa está incorporado- con *a carón de*. *Ata*, *deica* e *desde* non admiten a combinatoria con *arredor/derredor de*. *Para* e *contra* non gardan compatibilidade con *a carón de* e *entre*. Finalmente, *cara a* é a que se ve afectada polo maior número de restriccións: *lonxe de*, *a carón de*, *arredor/derredor de* e *entre*.

**Notas**

- \* Esta comunicación insírese no marco do desenvolvemento dos Proxectos *Gramática histórica da lingua galega* e *A oración en galego medieval*, que dirixo no Instituto da Lingua Galega. Recibiron e reciben financiamento, respectivamente, da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- 1 A dixitalización dos textos trobadorescos (LP) estivo ó meu dispor gracias á amabilidade de Mercedes Brea, o cal lle agradezo profundamente.
  - 2 *Locuções prepositivas na constituição histórica da língua portuguesa: período arcaico*. Universidade Federal de Bahia, 1997 (inérita). Quero manifestar grande agradecemento á autora por me permitir dispoñer de información tan rica e valiosa.
  - 3 Aínda que non o descarto categoricamente, opto por non considerar locución a forma DE LATUS, citada por Ernout/Thomas (1984:122). Supoñería incluí-la fórmula **preposición + substantivo** co apoio dun único caso.
  - 4 Con claro sabor de excepcionalidade, apartábanse da tónica xeral fundamentalmente algunhas das chamadas "improprias", unhas de xeito preferente (CAUSĀ, GRĀTĪĀ, FĪNĪ TĒNUS) e outra en tódolos casos (ERGO), aínda que tamén o facían algunhas das consideradas "proprias", como CUM, cando rexían un pronome persoal ou mesmo un relativo. Cf. Ernout/Thomas (1984<sup>2</sup>:119).
  - 5 Ó catálogo que presento neste apartado poderíasele engadí-la estrutura **pronome + preposición**, representada por *quanto a* (GE, HT).
  - 6 Pódense incorporar *em tras* (Huber) e *para con* (Nunes).
  - 7 Tamén *fundo de* (Huber).
  - 8 Se se acepta a proposta de Huber, incluírase o esquema **preposición + substantivo**, representado por *em cas*.
  - 9 Ten valor literal, con referencia ás extremidades inferiores.
  - 10 Non estou moi seguro de que se trate dunha locución, pois polo contexto pódese entender así ou interpretarse *prol* como núcleo do atributo: "*Et, pois que ouuo liuradas todas suas cousas que erā a prol do rreyno, uēosse para Leō et começou de fazer a çibdade de Leō...*" (p. 256). De ser certo, trátase da primeira documentación da locución, que ademais é a única do período medieval.
  - 11 Nos manuais dáse conta a maiores de *a respeito de* (Nunes), *em cas de* (Huber) e *em presença de* (Lima Coutinho). Das locucións rexistradas no corpus faise mención de *através de* (Nunes).
  - 12 Inclúese tamén *ao lado de* (Lima Coutinho).
  - 13 Aparece postposto: *fuzlā vifř cabeça ajuso*.
  - 14 *C/Çerca* tamén podía introducir directamente o termo, xeralmente cando era un topónimo: *çerca Tirol* (TC), *çerca Jndia* (GE), *çerca açidade Merçe* (GE); *cerca sua moller* (TC).

15 Débese contar tamén con *diante de* (Said Ali). Outras formas dos textos recollidas nas obras de carácter filolóxico son *antes de* (Lima Coutinho) e *preto de* (Huber).

16 A variedade de formas medievais é maior do que transparentan os textos revisados: *a pos de, apos de, apus de, apuus de, depos de, depus de, depois de, depouys de, despos de, despois de, despoys de, en pos de, en pus de, enpos de, enpus de*. Vid. Álvarez / Xove (1998:32-6).

17 Recóllense nos manuais as locucións *d'après de* (Huber), *em pos de* (Huber) e *em vez de* (Nunes; Lima Coutinho). De entre as presentadas aquí fanse eco de *a cerca de* (Huber), *a perto de* (Huber), *a preto de* (Mattos e Silva) e *derredor de* (Mattos e Silva).

18 Tamén *d' arredor de* (Huber).

19 Para as diferencias no grao de gramaticalización véxase o que se di máis atrás.

20 Ó fío disto véxanse as reflexións de Bosque (1989:210-1) e o estado da cuestión en Nolasco (1997:53-106).

21 Exclúo neste contraste, obviamente, os textos da lírica trobadoresca.

22 Documentábase, non obstante, en CP.

23 No dominio dos sintagmas de sobreposición, que trato a continuación, cabe mencionalo uso só en textos galegos de *per/por sobre* (GE; TC, CT).

24 Pódese considera-la posibilidade de incluír *a cas* (Huber), *d'avante* (Huber), *de cabo* (Huber), *per diante* (Huber) e *por entre* (Nunes).

25 Poden ter cabida *a cas de* (Huber), *em cas de* (Huber), *por baixo de* (Nunes) e *por tras de* (Huber). Canto ás rexistradas, menciónase nos manuais unicamente *por baixo de* (Nunes).

26 Non recollo as variantes gráficas, por non volve-lo traballo excesivamente cangado.

27 En posteriores edicións a última é de 1995<sup>12</sup>. mantense o mesmo tratamento e conceptualización.

28 A diferenza do que fixen para o período medieval, non partirei do establecemento de dúas grandes agrupacións, correspondentes ó carácter exclusivamente relacionante ou non dos compostos. No apartado correspondente ás formas de base substantival ou adxectivoal indico en cursiva as formas exclusivamente relacionantes.

29 Non inclúo, contrariamente ó que fixen para a Idade Media, moitos dos compostos que presentan un grao pequeno de gramaticalización. Naquel caso tiña sentido polo interese en dispoñer dunha primeira catalogación, o máis exhaustiva posible, do período medieval, en tanto que para a lingua actual obrigaría a ampliar moito máis o xa extenso inventario.

30 Nesta obra incorpora o sufixo diminutivo: *junttiño á, junttiño de, junttiño dà, junttiño do*.

31 Ata onde alcanzo, é forma inexistente na actualidade.

- 32 En CoplSarm xa se rexistra esta locución con incorporación de sufixo diminutivo: *cerqutña*.
- 33 En IriaVat consérvase aínda *depois de*, talvez por ser copia dun texto medieval.
- 34 É un uso medieval, seguramente por ser copia dun texto medieval.
- 35 Aínda se atopan usos de *ante de* nos Séculos Escuros.
- 36 Con *de e por* fórmanse os dous únicos casos que documentei nos séculos escuros: *dalen da* (IriaVat) e *por debaixo de* (CoplSarm).
- 37 Incluío só aquelas obras das que cito algún exemplo, aínda que revisei máis.

## Bibliografía

### *Corpus medieval*

#### *a) Obras escolmadas*

- ATr* d'Heur, Jean Marie (1975): "L'Art de Trouver du Chansonnier Colocci-Brancuti", in *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles). Contributions à l'étude du "Corpus des Troubadours"*. [Liege], pp. 100-47.
- CI* Carro García, José (ed.) (1951): *Coronica de Santa Maria de Iria*. Santiago: Cuadernos de Estudios Gallegos (Anexo V).
- CP* Brea López, Mercedes (coord. de edición) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro".
- CSM* Alfonso X (ed.) (1959-72): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbrigensis. Reed. de Ed. Xerais de Galicia en 1981 (2 vols.).
- CT* Lorenzo, Ramón (ed.) (1985): *Crónica troiana. Introducción e texto*. A Coruña: Fundación "Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa".
- FT* Pensado Tomé, José Luís (ed.) (1962): *Fragmento de un "Livro de Tristán" galatco-portugués*. Santiago: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. (Anexo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*).
- GE* Martínez López, R. (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.1. del Escorial*. Oviedo: Publicacións de *Archivum*.
- HT* Parker, Kelvin M. (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Edición e introducción de --. Santiago: Instituto "Padre Sarmiento".
- MS* Pensado Tomé, José Luís (ed.) (1958): *Os Mtragres de Santiago. Versión gallega del Códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. Madrid: C.S.I.C. (Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*).
- TA* Domínguez Fontenla, Juan (ed.) (1938/9): "Tratado de Albeitaría por Jordan Rubio, de Calabria", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI,

1938, 238, 302-9; 239,345-52; 240, 395-402; 241, 451-8; 242, 495-502; 243, 543-50; XII, 1939, 244, 13-20; 245, 93-100; 246, 109-15.

————— (1940) "El Código de Albeitería de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XII, 251, pp. 261-4.

TC Lorenzo, Ramón (ed.) (1975): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de —. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario. Ourense: I.E.O.P.F.

*b) Datos obtidos de forma indirecta*

Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de —. Tomo II: Glosario. Ourense: I.E.O.P.F.

Nolasco de Macedo, Anna Maria (1997): *Locuções prepositivas na constituição histórica da língua portuguesa: período arcaico*. Tese de mestrado [iné dita] presentada na Universidade Federal da Bahia. [Recóllense as locucións nas seguintes obras: TDA<sup>A</sup>: *Testamento de D. Afonso II (A)*, TDA<sup>A1</sup>: *Testamento de D. Afonso II (A1)*; CSM: *Cantigas de Santa María*; DSG: *Diálogos de São Gregorio*; LSSA: *Livro de soliloquio de Sancto Agostinho*; CDF: *Crónica de Dom Fernando*; CPVC: *Carta de Pero Vaz de Caminha*; GLP: *Gramática da Língua Portuguesa* (João de Barros)].

*Corpus do galego moderno*<sup>37</sup>

AcadComp: Mendoza de los Ríos, P. (1731): *Theatro Moral y Político de la Noble Academia Compostelana*. Santiago: [s.n.]. Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela (R - 11.421).

Cambeadores: Monteagudo, H. (1996): "Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'", in R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 351-375.

Contenda: Mariño Paz, R. (1997): "Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671)", *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, s.p.

CoplSarm.: Sarmiento, Fr. M. (1746): *Coloquio de 24 rústicos* (1746). Cito pola edición de R. Mariño: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición crítica e estudio introductorio de Ramón Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Fruíme: Cernadas y Castro, D.A. (1778): *Obras en prosa y verso del Cura de Frutme D. —, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid: Por D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M. Con las licencias necesarias. As poesías galegas

encóntranse en: tomo I, pp. 315, 316, 322-323, 331; tomo II, páx. 42; tomo III, pp. 305, 314-318; tomo IV, pp. 191-192, 193; tomo V, pp. 72-73, 181-183. || *El Cabaza*, poesía custodiada no Museo de Pontevedra, Papeis Cabeza de León, Rexistro 1315.

*Gondomar*: Carta de don Juan de Lanços y de Andrade a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (Zamora, ca. 1598). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2135, doc. 20). || Carta de dona Beatriz da Serra a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (Baiona, 20-5-1603). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2137, doc. 6). Pódense ler tamén en L. Tobío (1977): "Outras dúas cartas en galego a Gondomar", *Grial* 57, pp. 366-367.

*IriaVat.*: "Historia de Yria" (ms. do séc. XVII, copia doutro do XV). Colección Barberini da Biblioteca Apostólica Vaticana (Barb. lat. 3578).

*Mnervais*: *Fiestas Mnervales y aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago, por su Escuela, y Vniversidad, que afectuosamente las consagra, dedica, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de Monte-Rey, su Protector, Valedor, y Mecenas: Por mano de el doctor D. Ioseph Varela y Vasadre, Retor de dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y Apostolica Iglesta de el Señor Santiago: Con acuerdo de el Claustro; y por su comision; de el Secretario, que obediente las descrtue*. Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Mnervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero: Santiago de Compostela: Universidade, 1993 [Con nove romances galegos entre as pp. 29-55].

*Netra*: Gómez Tonel, J. (1612): *Relacion de las exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Gallçta a la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria, Nuestra Señora*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de A. Rey Soto): Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951.

*Noguerol*: Noguerol y Camba, J. (1708): "Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza" (1708), in *El Clarín de la Fama y Clithara de Apolo. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nactimento de el Príncipe N. Señor D. Luís Jacobo Primero el Deseado executó la esclarecida y nobilissima, y muy leal Ciudad de Orense...* Santiago: En la Imprenta de Antonio de Aldemunde. (Biblioteca do mosteiro de Poio, R.S. 36 / 5 / 33-34).

*Relazón*: *Relazon da carta xecutoria* (ca. 1515), en Fernando de Saavedra Rivadeneyra y Aguiar Pardo de Figueroa, *Memorial / al Rey N. Señor, / en que se recopila, adiciona y representa / quanto los Coronistas, y otros autores han escrito, y consta por instrumentos, / del orígen, y antigüedad, descendencia, y sucesión, lustre / y servicios / de la Casa de Saavedra, / y de identidad, y permanencia de su primitivo / Solar, y Estados en el Reyno de Gallçta, / y de la línea primogénita, recta y troncal de varon / de sus Posseedores, Cabeças, y*

*Parientes mayores, continuada desde los / primeros siglos de su mas antigua fundación, hasta / el presente. / Por don -, / sucesor, y actual poseedor della,* Año de / 1674. Con licencia: En Granada, en la Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la calle de Abenamar, pp. 137-138. Pódese consultar na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo).

*Servando*: Souto Cabo, J. A. (1997): *A história de dom Servando. Edição do manuscrito e estudo*. Tese de doutoramento presentada na Universidade de Santiago de Compostela [microficha].

### **Estudios e ensaios**

Ali, Manuel Said (1964<sup>3</sup>): *Gramática histórica da língua portuguesa*. São Paulo: Melhoramentos.

Álvarez, Rosario (1996): "Na extrema do galego: a lingua do Bierzo Baixo transmitida por Fernández y Morales", in Lorenzo, R. / Álvarez, R. (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Univesidade de Santiago, pp. 157-202.

Álvarez, Rosario / Regueira, Xosé Luís / Monteagudo, Henrique (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

Álvarez, Rosario / Xove, Xosé (1998): "Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*", in D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Tomo I. Vigo: Galaxia, 1998, pp. 29-58.

Bosque, Ignacio (1989): *Las Categorías Gramaticales*. Madrid: Editorial Síntesis.

Brea López, Mercedes (1985): "Las preposiciones, del latín a las lenguas románicas", *Verba*, 12, pp. 147-82.

Carballo Calero, Ricardo (1974<sup>4</sup>): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.

Cervoni, Jean (1991): *La préposition*. Paris: Duculot.

Coutinho, Ismael de Lima (1974<sup>6</sup>): *Pontos Gramática Histórica*. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica.

Ernout, Alfred / Thomas, François (1984<sup>2</sup>): *Syntaxe latine*. Paris: Klincksieck.

Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Gaatone, D. (1980): "Locutions prépositives et groupes prépositionnels", *Linguistics*, 167, pp. 15-33.

García de Diego, Vicente (1909): *Elementos de gramática histórica gallega*. Burgos: Imprenta y Librería "Hijos de Santiago Rodríguez"

Huber, Joseph (1986): *Gramática do português antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

Jespersen, Otto (1924): *The Philosophy of Grammar*. London: George Allen & Unwin Ltd. Cito pola traducción ó castelán: *La filosofía de la gramática*. Barcelona: Anagrama, 1975 (traducida por Carlos Manzano).

- Lorenzo, Ramón (1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de —. Tomo II: Glosario. Ourense: I.E.O.P.F.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI. (Com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Náñez Fernández, Emilio (1995): *Diccionario de construcciones sintácticas del español. Preposiciones*. Madrid: Ediciones de la Universidad Autónoma de Madrid.
- Nolasco de Macedo, Anna Maria (1997): *Locuções prepositivas na constituição histórica da língua portuguesa: período arcaico*. Tese de mestrado [inédita] apresentada na Universidade Federal da Bahia.
- Nunes, José Joaquim (1989<sup>9</sup>): *Compêndio de gramática histórica portuguesa*. Lisboa: Clássica Editora.
- Pottier, Bernard (1962): *Systématique des éléments de relation. Étude de morphosyntaxe structurale romane*. Paris: Klincksieck.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idtoma galego*. Vigo: Artes Gráficas.
- Riiho, Timo (1979): *Por y para: estudio sobre los orígenes y la evolución de una oposición prepositiva iberorrománica*. Helsinki: Societas scientiarum fennica.
- (1980): "De la formation des systhèmes prepositifs romans", *Neuphilologische Mitteilungen*, 81, pp. 353-60.
- Sancho Cremades, Pelegrí (1994): *Les preposicions en català*. València: Universitat de València.
- Sancho Cremades, Pelegrí (1995): *La categoría preposicional*. València: Universitat de València.
- Trujillo, Ramón (1981): "Notas para un estudio de las preposiciones españolas", *Tbesaurus*, XXVI, pp. 3-48.
- Williams, E. B. (1975<sup>3</sup>): *Do latim ao português: fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.